

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

*RESOLUCIÓN do 20 de outubro de 2025, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se resolve a convocatoria de libre designación, efectuada pola Resolución do 4 de setembro de 2025 pola que se convocan, para a provisión polo sistema de libre designación, postos de traballo dos corpos de xestión procesual e administrativa e de tramitación procesual e administrativa da Administración de xustiza.*

Visto o expediente instruído para a provisión, polo sistema de libre designación, de postos de traballo de xestión e de tramitación procesual e administrativa, convocados pola Resolución do 4 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Xustiza, de conformidade co establecido nos artigos 524, número 1, e no 526, número 2, da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial; no artigo 56 e seguintes do Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, e na Resolución do 29 de agosto de 2025, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se aproba a relación de postos de traballo da Secretaría de Goberno e das oficinas de xustiza,

Esta dirección xeral

**ACORDA:**

Primeiro. Adxudicar os postos de traballo ao persoal funcionario que se indica no anexo e declarar desertos os restantes postos ofertados.

Segundo. A toma de posesión dos postos producirase no momento da entrada en funcionamento da nova oficina o 31 de decembro de 2025.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Dirección Xeral de Xustiza no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderán impugnalas directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2025

José Tronchoni Albert  
Director xeral de Xustiza

CVE-DOG: 249rfr76-wo12-ted3-oud7-xpn9lp6upth6





ANEXO

Centro de destino: Secretaría de Gobierno.

| Código do posto        | Denominación                          | CXP      | CE        | Corpo | Adxudicatario/a               |
|------------------------|---------------------------------------|----------|-----------|-------|-------------------------------|
| XG92589000150306001.11 | Xestión-Xefatura SG I                 | 4.219,80 | 11.725,44 | CXPA  | Santos Álvarez, Nicolás       |
| XG92589000150306002.11 | Xestión-Xefatura SG I                 | 4.219,80 | 11.725,44 | CXPA  | Molina Patallo, Miguel Ángel  |
| XG92589000150306003.11 | Xestión-Xefatura SG I                 | 4.219,80 | 11.725,44 | CXPA  | Loureda García, Paula         |
| XG92589000150307008.13 | Tramitación-Xefatura SG na Coruña     | 3.587,52 | 11.318,40 | CTPA  | Blanco Prieto, Palmira        |
| XG92589000150307009.13 | Tramitación-Xefatura SG na Coruña     | 3.587,52 | 11.318,40 | CTPA  | Rúa Calvo, María Luisa        |
| XG92589000150307010.13 | Tramitación-Xefatura SG en Lugo       | 3.587,52 | 11.318,40 | CTPA  | Neira López, María Montserrat |
| XG92589000150307011.13 | Tramitación-Xefatura SG en Lugo       | 3.587,52 | 11.318,40 | CTPA  | Rodríguez Álvarez, Sara       |
| XG92589000150307012.13 | Tramitación-Xefatura SG en Ourense    | 3.587,52 | 11.318,40 | CTPA  | Gayoso Pazos, María Belén     |
| XG92589000150307013.13 | Tramitación-Xefatura SG en Ourense    | 3.587,52 | 11.318,40 | CTPA  | Gómez Otero, María Esther     |
| XG92589000150307015.13 | Tramitación-Xefatura SG en Pontevedra | 3.587,52 | 11.318,40 | CTPA  | Lemos Pérez, Laura            |

